# CIRCULAR 7/2015
## DATOS ACTUALIZADOS DOS CLUBS DA FGTA

A Coruña, 18 de febreiro de 2014

Tendo en conta que segundo a Lei do Deporte de Galicia, as Federacións esixirán aos clubs a súa inscrición previa no Rexistro de Entidades Deportivas,

1.- Unha vez comprobado que os datos dos clubs que están a disposición da FGTA están, en moitos casos, obsoletos e non se corresponden coa realidade

2.- Que esta información é fundamental que esté actualizada para que a comunicación entre a FGTA e os clubs sexa o máis áxil e eficaz posible

3.- Que o Rexistro de Entidades Deportivas esixe que se actualicen os datos –cada vez que se produza una modificación na composición da xunta directiva- dos clubs inscritos nel.

4.- Que segundo os estatutos que rixen o funcionamento dos clubs, é de obrigado cumprimento a celebración de eleccións cada catro anos

**SOLICITAMOS**

Que remitades antes do día 10 de marzo a seguinte documentación:

1.- Datos actualizados do enderezo postal, correo electrónico, teléfono de contacto e persoa responsable do club.

2.- Copia da acta das últimas eleccións celebradas no club e, de ser o caso copia da súa remisión á Secretaría Xeral para o Deporte.

***Mayte Doce Platas***
***Secretaria Xeral***

*Federación Galega de Tiro co Arco – N.I.F. G-27034131*

*APDO. DE CORREOS 5368 - 15009 – A CORUÑA*

*Tfono Presidencia 629628077 Tfono Secretaría 629615737*